

30 XANEIRO
Día Escolar
da Non-violencia
e a Paz

ACTIVIDADE

O PUZZLE DA PAZ

Conceptos clave

- ☐ Interdependencia
- ☐ Imaxes e percepcións
- ☐ Xustiza social
- ☒ Conflitos e resolución
- ☐ Cambio e futuro

Obxectivos

- Celebrar o Día Escolar da non-violencia e a Paz (30 de xaneiro).
- Fomentar a creatividade contribuír a desenvolver a capacidade de expresión plástica.

Avaliación


- Grao de participación e disfrute.

Materiais necesarios

- Anexo 1: Fichas de puzzle para colorear.

Recursos

- Vídeo: *Qué bueno*. The Kids Band.



1. Que cabe e que non cabe na paz

Explicamos aos nosos alumnos e alumnas que vamos a celebrar o día da paz e que para isto vamos a crear un puzzle xigante con debuxos. Repartimos as fichas do puzzle para que os nosos alumnos e alumnas as coloreen.

Córtanse as pezas polos bordes, para poder encaixalas. Entre todos vanse colocando para formar un puzzle xigante. Non obstante hai catro pezas que non encaixan: son ovaladas e representan escenas negativas:

- Un neno chorando.
- Unha pelexa.
- Un monstro.
- Un neno berrando.

Falamos cos nenos e nenas das cousas que son compatibles coa paz e as cousas que non teñen cabida se queremos construír un espazo de paz.

2. Marcha pacífica

A orixe do Día Escolar da Non violencia e a Paz é o recordo á acción pacífica de Ghandi en defensa das súas ideas. Por iso, podemos propoñer aos alumnos e alumnas que participen nunha marcha pacífica para reivindicar a non violencia como forma de resolución de conflitos.


Podemos completar os debuxos que serviron de base ao puzzle con mensaxes de paz, escritas polas familias ou por nós, e exhibilos a xeito de carteis reivindicativos, ou pegalos en papel continuo xunto a unha mensaxe para formar unha pancarta xigante que podemos levar nunha marcha pacífica o 30 de xaneiro.


Como colofón podemos compartir cos nosos alumnos o vídeo *Qué bueno* de The Kids Band. Un convite á paz e á convivencia pacífica que podemos cantar xuntos durante a marcha para celebrar o Día Escolar da Non-violencia e a Paz.





Podedes facer fotos do evento ou gravar un vídeo para elaborar unha nova para o blog ou o xornal do centro educativo.
































ACTIVIDADE


ANEXO 1. FICHAS DE PUZZLE PARA COLOREAR











ACTIVIDADE

ANEXO 1. FICHAS DE PUZZLE PARA COLOREAR

